



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
 Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
 15781
 Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

OPOSICIÓN A O CORPO DE MESTRES

No [DOG nº 72](#) do venres 13 de abril sae publicada a orde do 9 de abril de 2007 pola que se convoca procedemento selectivo de ingreso no corpo de mestres na Comunidade Autónoma de

Galicia, e para adquirir a habilitación en novas especialidades. Convócanse un total de 1.350 prazas e o prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados a

partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG.

OPOSICIÓN PARA PROFESORADO DE SECUNDARIA, F.P. E ENSINANZAS ESPECIAIS

No [DOG nº 72](#) do venres 13 de abril sae publicada a orde do 9 de abril de 2007 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores

de música e artes escénicas, profesores de artes plásticas e deseño e profesores técnicos de formación profesional. Tamén se convoca procedemento de adquisición de novas especialidades polos funcionarios de carreira dos antedi-

tos corpos da Comunidade Autónoma de Galicia. Saen un total de 1.179 prazas e o prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de

FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

No [DOG nº 70](#) do mércores 11 de marzo de 2007 pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalen-

cias das actividades de investigación e innovación e das titulacións. As actividades irán dirixidas ao profesorado que desempeñe as súas funcións en centros sostidos con fondos públicos, dentro do ámbito de xestión da Consellería de

Educación e Ordenación Universitaria, nos que se impartan ensinanzas de réxime xeral e de réxime especial e en servizos técnicos de apoio ao profesorado.

POSTOS DE ASESORES/AS NO SERVIZO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

No [DOG nº 70](#) do mércores 11 de abril sae publicada a orde do 28 de marzo de 2007 pola que se convoca concurso público para cubrir postos de asesores e/ou asesoras do Servizo de Formación do Profesorado.

Poderán participar neste concurso os funcionarios e funcionarias de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios con destino en centros dependentes da Consellería de Edu-

cación e Ordenación Universitaria. O prazo de presentación será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

Contido:

| | |
|--|---|
| Asesores/as de formación nos centros de formación e recursos | 2 |
| Prazas sometidas a convenio ou a programas específicos | 2 |
| Concurso letras galegas de libros web | 2 |
| Sextos encontros de educación infantil | 2 |
| Xornadas de convivencia | 2 |
| Xornadas de prevención do tabaquismo na mocidade | 3 |
| Accións conxuntas Canadá-UE para o ensino superior e F.P | 3 |
| Convocatoria 2007 do programa Erasmus Mundus | 3 |
| V premio "Galicia" TIC de matemáticas | 3 |
| Aula de verán 2007 | 3 |

POSTOS DE ASESORES/AS DE FORMACIÓN NOS CENTROS DE FORMACIÓN E RECURSOS

Portal Galego de Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



No [DOG nº 70](#) do mércores 11 de abril sae publicada a orde do 29 de marzo de 2007 pola que se convoca concurso público para cubrir postos de asesores e/ou asesoras de formación nos centros de formación e

recursos. Poderán participar neste concurso os funcionarios e funcionarias de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas de niveis non universitarios, con destino en centros dependentes da Consellería

de Educación e Ordenación Universitaria. O prazo de presentación será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

PRAZAS SOMETIDAS A CONVENIO OU A PROGRAMAS ESPECÍFICOS

Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



No [DOG nº 72](#) do venres 13 de abril sae publicada a orde do 28 de marzo de 2007 pola que se convoca concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios para cubrir postos de

profesores en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería. Poderán participar nesta convocatoria os funcionarios e funcionarias de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios e que se atopen

en servizo activo. O prazo de presentación será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

CONCURSO LETRAS GALEGAS DE LIBROS WEB COLABORATIVOS

Polo Monte. Plan piloto 2007
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>



O día 15 de abril abriuse o prazo para solicitar un espazo web en que crear un libro colaborativo sobre María Mariño durante o mes das Letras Galegas 2007. Aqueles que queiran participar na convocatoria terán á súa disposición a [ferramenta](#)

que lles permitirá publicar o seu traballo sen necesidade de coñecementos de programación informática. Haberá premios por valor de ata 600 euros para os mellores libros.

[Acceso ás bases](#)



SEXTOS ENCONTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL

Rede de Centros Bilingües
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas



Os días 1 e 2 de xuño celebraranse no Palacio de Congressos e Exposicións de Santiago de Compostela os 6º Encontros de Educación Infantil dirixidos ás mestras e aos mestres. As persoas interesadas poderán inscri-

birse a través da Plataforma de formación do profesorado

<http://www.edu.xunta.es/fprof>, Servizos centrais - Educación Infantil.

A data límite de inscrición será o 30 de abril e ofertáanse un total de 500 prazas. O programa pode consultarse no portal educativo, en Profesorado, Formación.

[Acceso ao programa](#)

XORNADAS DE CONVIVENCIA

O sábado 21 de abril celebraranse na Facultade de Xornalismo, en Santiago de Compostela, as xornadas *Compartindo Experiencias para a Mellora da Convivencia nos Centros Educativos*, dirixidas a mestres e profe-

orado de ensino secundario cun total de 300 prazas. O programa atópase no portal educativo, en Profesorado, Formación, e no portal de convivencia.

[Acceso ao programa](#)



XORNADAS DE PREVENCIÓN DO TABAQUISMO NA MOCIDADE

Portal Galego de Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



A consellería de Sanidade organiza as *Xornadas de Prevención do Tabaquismo na mocidade* en que van participar profesionais da educación e do ámbito da saúde. Celebraranse en Santiago de Compostela

dende o 23 ata o 25 de abril. O número de prazas para o profesorado de Galicia é limitado, 5 persoas, polo que se asignarán estas prazas por rigorosa orde de inscrición, ben no correo electrónico rfgarcia@edu.xunta.es, ben no número de fax: 981 546 542. Pode consultarse o programa e a páxina de inscrición no seguinte enderezo: www.edu.xunta.es/valora

ben no número de fax: 981 546 542. Pode consultarse o programa e a páxina de inscrición no seguinte enderezo: www.edu.xunta.es/valora

ACCIÓNS CONXUNTAS CANADÁ-UE PARA O ENSINO SUPERIOR E FORMACIÓN PROFESIONAL

Programa de Cooperación UE-Canadá referido ao ensino superior, á formación e á mocidade. O obxectivo xeral será promover un mellor entendemento entre cidadáns canadenses e europeos, así como unha maior comprensión das súas lin-

guas, culturas e institucións respectivas. O proxecto deberá comezar entre o 1 de setembro e o 31 de decembro do ano en que se presenta a solicitude e terminar, ao máis tardar, o 31 de agosto do ano seguinte. A data límite de solicitude

remata o 31 de maio de 2007.

[Acceso á convocatoria](#)

[Ligazón de interese](#)

Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



Polo Monte. Plan piloto 2007
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>



© MONTE E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

O obxectivo do programa da UE "Erasmus-Mundus" é mellorar a calidade do ensino superior favorecendo a cooperación con terceiros países co obxecto de mellorar os recursos humanos e de promover o diálogo e a

comprensión entre os pobos e culturas. Conta con catro eidos de actuación para a configuración de *masters*, concesión de bolsas a estudantes, establecemento de asociacións e proxectos. Os destinatarios,

o financiamento, a duración dos proxectos e a data límite de inscrición varían en función do proxecto.

[Máis información](#)

CONVOCATORIA 2007 DO PROGRAMA ERASMUS MUNDUS

V PREMIO GALICIA TIC DE MATEMÁTICAS

Co obxectivo da promoción da educación matemática convócase o V Premio "Galicia" de Tecnoloxías da Información e Comunicación aplicadas á Educación Matemática en Ensinanza Primaria ou Secundaria.

Dirixido ao profesorado galego, poderán presentarse caderniños de traballo, libros, cdroms, páxinas web, programas de simulación ou auto-aprendizaxe, ou outros formatos en soporte informático. O importe do

premio será de 600€ e o centro educativo recibirá 100€, contribución da Consellería de Educación, para o premio.

[Máis información](#)

Rede de Centros Bilingües
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas



AULA DE VERÁN 2007

Cursos "Aula de Verano 2007". Programa de Formación Ambiental do Organismo Autónomo Parques Nacionais - Ministerio de Medio Ambiente (OAPPNN - MMA) con cursos xestionados polo Centro Nacional de Educación Ambiental - Centro de Valsain (CENEAM). Poden participar nel todos

os españois ou persoas con permiso de residencia en España maiores de idade. A matrícula é gratuíta e o prazo de recepción de solicitudes finalizará quince días antes do inicio do curso. Os cursos desenvolveranse no CENEAM (Valsain) en Segovia.

[Máis información](#)

